

STATUS REPRODUCTOR DA ANDORIÑA DAS VILAS *Delichon urbica* EN PONTEDEUME, ASÍ COMO NOS CONCELLOS QUE CONFIGURAN A RÍA DE ARES

Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

INTRODUCCIÓN

Pontedeume é, sen dúbida, o núcleo de maior entidade en toda a ría de Ares, malia que esta non leva o seu nome, quizais por estar situada lonxe da bocana, en augas pouco profundas, formando parte do esteiro mesmo do río que lle serve para conformar o seu topónimo composto.

En Pontedeume, así como no resto dos concellos que delimitan a ría de Ares: Cabanas polo leste e Fene e Ares polo norte, realizamos, no outono de 2003, un censo de niños de andoriña das vilas *Delichon urbica* para coñecer o seu status reproductor, cousa que nunca se fixera até o momento, polo que non existen datos fíabeis nos que poder basearse para cuantificar o declive da especie naquela bisbarra dunha maneira racional.

Dos catro concellos que teñen parte do seu territorio na beira da ría, tres deles, Ares, Fene e Pontedeume conservan, aínda, unha pequena poboación residual de andoriña das vilas.

ANTECEDENTES ORAIS RECOLLIDOS NA VILA

Antes de iniciar o estudo preguntamos a varias persoas maiores sobre as andoriñas das vilas que estaban a aniñar en Pontedeume e a resposta que obtivemos de todos aqueles que as coñecían foi de que agora, comparando co que antes din que había, case non queda nada. É dicir: que as andoriñas e os seus niños foron a menos rapidamente nos últimos anos.



A andoriña das vilas *Delichon urbica*, amosa cores escuras por riba e abrancazaas por abaixo. Diferénciase doutras andoriñas dunha simple ollada por amosa-la rabadilla de cor moi branca.

Esta percepción é absolutamente coincidente con outras partes de Galicia, onde as aves ou desapareceron por completo: casos de Vigo, A Guarda, Boiro, etc. ou se atopan en moi pouca cantidade, cando hai uns anos había, segundo o dicir das súas xentes, moitísimas máis. Referímonos a Pontevedra-capital, Noia, Cee, Fisterra, etc.

AS CAUSAS DESTE GALOPANTE DECLIVE


Preguntamos igualmente cales poderían ser as causas desta diminución e obtivemos respostas dispares, pero había unha moi coincidente: o aumento do nivel de vida da poboación que trouxo consigo que as fachadas das casas, onde as andoriñas aniñan, se coiden en exceso: pintándoas, encalándoas, construíndo galerías, etc. coa conseguinte destrución dos seus niños tempada tras tempada, ás veces mentres se atopan aniñando.

Logo, de máis a menos, foron outras as razóns que nos expuxeron, demostrando en todo momento a simpatía que sentían por estes paxaros que lles acompañaron nas rúas e prazas durante a tempada morna dende os primeiros xogos até a vellez:

- a) - O uso de insecticidas durante o verán para acabar coas pragas de moscas e mosquitos que tanto molestan, pero que constitúen, non embargante, o alimento destas aves nunha alta porcentaxe. Deste xeito, escasea, en primeiro lugar, a comida e, en segundo, poden inxerir insectos afectados gravemente polo insecticida, pero que aínda son capaces de voar.
- b) - A contaminación ambiental no máis amplo sentido.
- c) - A construción de novas edificacións pouco axeitadas para pegar nelas os niños, polo exceso de materiais modernos que as aves rexeitan: aluminios, plásticos, vidros, pinturas, etc. xa que a lama pega mal neles.
- d) - A destrución sistemática dos niños polos inquilinos das vivendas, pois as aves ensucian demasiado e meten, ademais, moito barullo cando están a criar durante o verán.

E nós, a todas estas razóns que compartimos e que dalgún xeito pretenden explicar a precaria situación das aves en Pontedeume e noutros moitísimos lugares da nosa rexión, engadiríamos un par delas máis que xa expuxemos nos xornais (Fernández de la Cigoña, 2003b):

- 1º - A proliferación de parasitos externos, ás veces moi abundantes, que poden acabar con adultos e xoves, sobre todo se están debilitados por falta de alimento. Lembremos que nos niños por nós inspeccionados en Salvaterra de Miño (Pontevedra) había carrachos abundantes en cada un deles da especie que cremos identificar como *Ixodes ricinus*.
- 2º. - O aumento, nestes últimos anos, dos seus inimigos naturais, moi especialmente das pequenas aves rapaces, protexidas pola lei dende hai algunhas décadas e que capturan moitos exemplares ao remate dunha tempada.



Cando as colonias son mestas, os niños aparecen, ás veces, pegados os uns ós outros (Colonia en Salvaterra de Miño, Pontevedra).


Para nós, todas estas causas aquí apuntadas, sen precisar a orde de preferencia, están a influír negativamente nas poboacións das andoriñas que se ven desta maneira moi afectadas. O presente traballo soamente pretende cuantificar as poboacións nidificantes nunha época concreta, o ano 2003, para, baseándose nestes datos, poder, nun futuro, estudar a evolución destas aves tan características das vilas do contorno da ría de Ares.

OS REDONDOS NIÑOS DAS ANDORIÑAS

Exteriormente teñen forma de bóla, cunha pequena abertura superior, para facilitar a entrada. A estrutura está feita exclusivamente por grans de lama, unidos uns aos outros, proporcionando unha superficie moi enrugada por fóra. Por dentro, non embargante, as paredes son lisas, case pulidas. Dous niños que analizamos polo miúdo procedentes da colonia existente na ferraxaría de Pilar Soto, en Salvaterra de Miño (Pontevedra), no verán de 2003, pesaron 425 e 430 gramos respectivamente.

No seu interior atopamos algunhas pedriñas de granito, de tamaño moi pequeno, formando a parte baixa da cama, mesturadas cun algúns froitos de ligustro *Ligustrum vulgare*. Por riba, había algúns corpos secos de bolboretas e carunchos, e, tamén, élitros e patas de escaravellos voadores. Cubrindo estes materiais, a xeito de saba, víanse algunhas palliñas de herba seca de 6 centímetros de lonxitude como máximo (Fernández de la Cigoña, 2003a).

A posta consiste en 3 ou 4 oviños brancos, lisiños e brillantes. Os dous membros da parella constrúen o niño e, tamén, ambos chocan durante 13 ou 14 días. Despois de permanecer nel uns 20 días, os poliños abandonan a estrutura, pero axudan na alimentación dos irmáns das novas pos-



Nalgúns lugares podemos atopar niños que prolongan a abertura de entrada por un corto corredor (segundo pola dereita), para evitar que poidan ser predados dende o exterior. Nesta característica parécese ós da andoriña dáurica *Hirundo daurica*, aínda que nesta última especie o corredor é moitísimo maior.

tas, polo que se xuntan, ao cabo duns meses, moitos paxaros arredor dun só fogar. Fan até 3 postas por ano, iniciando a construción dos niños a pouco de chegar de África a principios de marzo. Marchan en outubro, unha vez acabada a reprodución da última niñada.

O QUE NOS SABIAMOS SOBRE ESTAS AVES

Trátase dunha andoriña pequena, posto que só acadá os 13 cm. de lonxitude. Amósase moi escura por riba (azul mariño lustroso) e branca por abaixo. Ten rabadilla moi visíbel desta mesma cor branca. Cría en colonias, ás veces moi apertadas, nas facianas das casas, fábricas, igrexas, etc. escollendo a parte de abaixo de cornixas, balcóns e viseiras, de xeito que a esferiña do niño quede protexida polo sainte, ficando, entón, unha estrutura pechada, case redonda, cunha pequena entrada na parte alta.

ALIMENTACIÓN

As andoriñas das vilas consumen insectos voadores que capturan ao voo. Por iso, a finais do verán coa desaparición destes, vense na obriga de emigrar aos cuarteis de invernada no continente africano. Non marchan pola friaxe, como se podería pensar nun primeiro instante, senón pola desaparición da súa comida cotiá.

MATERIAL E MÉTODO EMPREGADO

O censo, como xa dixemos, realizámolo durante os meses de outubro e novembro de 2003, camiñando polas rúas das vilas e anotando todos os niños que divisabamos. Clasificamos os niños de tres maneiras diferentes:

- 1º. - Os que se atopaban enteiros e con sinais evidentes de ter criado neles hai pouco tempo. No cadro figuran baixo a columna "Ent" (Enteiros).
- 2º. - Os que se atopaban máis ou menos destruídos. No cadro aparecen baixo a columna encabezada por "Semi" (Semi destruídos).
- 3º. - Os que se atopaban completamente destruídos, sinalando a súa presenza no lugar tan só pola marca dun círculo de barro. Estes aparecen baixo a columna: "Marc" (Marcados).

Ademais de contar os niños nas súas diferentes clases, anotamos as alturas ás que se atopaban sobre o chan da rúa da seguinte maneira: B (baixo), cando se atopaban á altura do baixo; 1º, se estaban á altura do 1º andar; 2º, se no 2º. andar, etc. Tomouse, tamén, a orientación das fachadas dos edificios que contiñan os niños mediante un compás, polo que as orientacións que reflectimos son as magnéticas e non as verdadeiras. Sinaláronse non só os puntos cardinais: N=norte, S=sur, E=leste e W=oeste, senón tamén os intermedios: NW=noroeste, NE=nordés; SW=sudoeste e SE=sueste. As alturas aparecen na columna sinalada cun "H" e as orientacións baixo a encabezada por "Or". Por último, a columna "Tt" (Totais), indica as sumas de cada clase de niños e sinala, na parte de abaixo, a cantidade total de niños censados en cada concello. Durante o proceso seguiuise puntualmente o método que xa describíramos no traballo que publicamos sobre as andoriñas de Gondomar e do resto do Val Miñor (Fernández de la Cigña, 2003a).

AS COLONIAS NA VILA DE PONTEDEUME

O número total de niños censados: 28, é, se o comparamos con outros concellos da provincia da Coruña, case unha cantidade elevada, dentro da escaseza xeral que observamos en toda ela. Tamén é verdade, que dos 95 concellos que conforman a provincia soamente censamos 50. Isto é: o 52,3% do total, polo que os datos son, aínda, provisionais, pero, aínda así, xa nos permiten ter unha idea aproximada da distribución desta andoriña polo territorio coruñés.

PONTEDEUME E O RESTO DOS CONCELLOS CORUÑESES

Este traballo que estamos a desenvolver forma parte dun moito maior que intentamos realizar a nivel galego, por iso podemos establecer comparacións con outros lugares e diferentes provincias. Pontedeume con 28 niños ocupa o posto número tres dentro da provincia da Coruña, lugar que comparte con Betanzos, Curtis e Fisterra; tal e como podemos ver no cadro que fixemos e que encabeza o concello de Sada de maneira moi destacada. Ares pasa ao posto número oito con 13 niños, mentres que Fene con 5 niños ocupa o posto doce, xunto con Cee e Noia. Por último, Cabanas, que delimita a ría polo norte e leste, carece de niños desta especie.

- 1º. - Sada con 121 niños
- 2º. - Ribeira con 66
- 3º. - Betanzos, Curtis, Fisterra e **Pontedeume** con 28



Non hai en ningunha poboación do contorno da ría de Ares mestas colonias de niños como se poden atopar noutros lugares de Galicia. Colonia en Salvaterra de Miño (Pontevedra), unha das maiores que temos censado.

- 4º - Oroso con 27, todos eles en Sigüeiro
- 5º - Carral con 17
- 6º - Corcubión e Proba do Caramiñal con 16 cada un
- 7º - Arzúa con 15
- 8º - **Ares** e Padrón con 13
- 9º - Miño e Rianxo con 12 cada un
- 10º - Muros con 10
- 11º - Teo con 6, todos na aldea de Pontevea
- 12º - Cee, **Fene** e Noia con 5 cada un

Carecen de niños de andoriña das vilas, entre outros, os seguintes concellos da provincia de A Coruña: Abegondo, Aranga, Bergondo, Boimorto, Boiro, Cabanas, A Capela, Carnota, Cesuras, Coirós, Dodro, Frades, Irixoa, Mesía, Monfero, Mugar dos, Narón, Neda, Oleiros, Outes, Oza dos Ríos, Paderne, O Pino, Rois, Touro, Vilarmaior e Vilasantar.

Se comparamos estes datos que acabamos de expor cos que temos das provincias de Pontevedra e Ourense, chegamos á conclusión de que o territorio da Coruña fica bastante distanciado de Pontevedra que é a que máis ten, e algo por debaixo da de Ourense, que lle segue a continuación. Da de Lugo, nada podemos dicir polo momento, pois os censos que realizamos naquela provincia aínda son moi parciais e non permiten ter unha visión nin sequera aproximada da situación actual das aves naquel territorio.

Cos datos que estamos a manexar, aínda provisorios, como xa dixemos, Pontedeume ocupa o posto número 23 de toda Galicia, compartindo a cantidade, ademais de con Betanzos, Curtis e Fisterra, como xa adiantamos, co concello pontevedrés de Mos.

AS ANDORIÑAS DAS VILAS EN PONTEDEUME. NÚCLEOS DE NIDIFICACIÓN

Prospectamos a vila o día 23 de outubro de 2003, atopando niños sobre todo na parte vella: praza Real, rúa dos Ferreiros, Pescadería, Inmaculada, Cantón, etc.

Agás no edificio do Concello, onde se atopa a colonia máis mesta que fomos quen de ver: até 10 niños; o resto dos grupos aparecen moi espallados e contendo moi poucos niños, de xeito que hai até un total de 10 edificios que teñen un só por fachada. Isto está a indicar claramente unha pobreza grande e unha situación de precariedade moi forte. O resultado do censo foi como segue:

NÚCLEOS DE NIDIFICACIÓN NA VILA DE PONTEDEUME						
Edificios ocupados	H	Or	Ent	Semi	Marc	Tt
Praza Real, 1 (Casa do Concello)	2°	NW	9	-	1	10
Rúa Real, 36	1°	E	1	-	-	1
Rúa dos Ferreiros, 2 (Librería Cunqueiro)	4°	SE	1	-	-	1
Rúa dos Ferreiros, 6 (Xoiería Casanova)	1°	SE	-	1	-	1
Rúa dos Ferreiros, 18	1°	SE	1	1	-	2
Rúa dos Ferreiros, 24 (Mesón Nicolás)	B	SE	1	-	-	1
Rúa dos Ferreiros, 32	1°	SE	1	-	-	1
Praza da Angustia, 1	1°	S	-	-	1	1
Praza do Conde, 10	1°	S	1	-	-	1
Rúa do Ferrol (Edificio de Correos)	3°	N	-	-	1	1
Rúa da Pescadería, 1 (Regalos Cacharreira)	1°	SW	4	-	-	4
Rúa da Inmaculada, 16 (Droguería Mouriño)	1°	SW	1	-	-	1
Rúa María (Mercería María José)	B	SE	1	-	-	1
Rúa do Cantón, 7	1°	NE	1	-	-	1
Rúa do Cantón, 7	1°	NW	1	-	-	1
TOTAIS			23	2	3	28

Polo tanto, no outono de 2003, o total de niños que atopamos ascendeu a 28, dos que 23 estaban enteiros, 2 semi-derruídos e 3 atopábanse tan só marcados nos edificios. Da mesma observación do cadro, podemos deducir que a andoriña das vilas, en Pontedeume, prefire para aniñar as partes inferiores dos edificios: baixos, primeiro e segundo andar; mentres que nas orientacións non hai unha preferencia acusada por ningún dos puntos cardinais, aínda que unha pequena maioría escolleu as fachadas orientadas cara ao poñente, quizais por seren as máis mornas e protexidas dos

ventos dominantes durante a tempada de aniñamento, no que soe reinar o nordés que, ás veces, cando se presenta no verán, pode resultar molesto de máis pola súa intensidade.

OUTRAS ESPECIES DE ANDORIÑAS NIDIFICANTES

Tamén aniña no núcleo urbano de Pontedeume ademais da andoriña das vilas, a andoriña común *Hirundo rustica*. Os seus niños axiña se distinguen da primeira por teren a forma dunha cunca, no canto de ser esféricos, aparecendo enteiramente abertos por arriba. Ademais, entre os grans de barro dos que están igualmente feitos, aparecen herbas diferentes que penduran do niño.

De tódolos xeitos, a cantidade debe ser insignificante, pois por se tratar dunha ave eminentemente rústica non soe aniñar dentro dos grupos compactos das construcións que configuran as vilas e cidades da nosa rexión, preferindo as aldeas e casaríos illados. Detectamos o niño á altura do primeiro andar, dun edificio de baixo e dous andares, situado na rúa O Vilar, concretamente onde se acha a panadería Ríos, fachada que está orientada cara ao sueste.

AS ANDORIÑAS NA VILA DE ARES

Censamos esta vila o día 23 de outubro de 2003, xa no lusco fusco dun serán con bastante friaxe e chuvía intermitente. Os niños atópanse moi espallados, habendo soamente dous lugares nos que se contabilizaba máis dun. Aparecen situados, principalmente, pola parte antiga do núcleo urbano e a pouca altura sobre a rúa, non existindo nos edificios que dan directamente cara ao mar. Polo que puidemos comprobar, están colocados preferentemente en baixos e segundos andares das casas, ocupando de maneira dominante as fachadas que miran cara ao poñente. Seméllanse, nestas características, as andoriñas de Pontedeume, que tamén escollían edificios de non moita altura, ou as partes baixas dos altos, mantendo polas fachadas que están orientadas cara ao oeste unha marcada querencia que excede en varios puntos ás outras orientacións. Hai, na rúa Real, nos números 49 e 95 senllos niños de andoriña común *Hirundo rustica* na parte baixa das edificacións e que se poden confundir cos da andoriña das vilas se non se miran con coidado.

Ás veces os niños atopan apoios extras para non se caer. Neste caso, os cables da luz fan de alicerce a moitos niños espallados por Pontedeume adiante.



Status reproductor da andoriña das vilas *-Delichon urbica-* en Pontedeume, así como nos concellos que configuran a ría de Ares.

NUCLEOS DE NIDIFICACIÓN NA VILA DE ARES						
Edificios ocupados	H	Or	Ent	Semi	Marc	Tt
Rúa do Fomento, 6 (Supermercados Froid)	B	W	3	-	1	4
Rúa do Fomento, 8 (Supermercados Froid)	B	NW	4	-	-	4
Rúa dos Anxos, 40	B	S	1	-	-	1
Rúa dos Anxos, 42 (El Tilo Reggina)	B°	NW	1	-	-	1
Rúa dos Anxos, 59	2°	E	2	-	-	2
Rúa Real, 59	B	SE	1	-	-	1
TOTAIS			12	-	1	13

A nivel provincial, polo número de niños, a pesar de tan discreta cantidade, Ares sitúase no posto número 9, mentres que se falamos a nivel galego descendería até ocupar o lugar número 31, compartíndoo con Albarellos, no concello ourensán de Monterrei. Todo isto, dunha maneira enteiramente provisional e contando cos datos que barallamos ao día de hoxe: nadal de 2003, cando temos censados un total de 157 concellos en toda Galicia.

AS ANDORIÑAS EN FENE

O concello de Fene ten a maior parte do seu territorio virado cara á ría do Ferrol, onde se miran as poboacións de Perlío e Fene, as de maior entidade, pero, non embargante, a parroquia de Santa Eulalia de Limodre, situada na parte meridional, verte as súas augas á ría de Ares, sendo esta a causa da súa inclusión no presente traballo, no que se recollen os concellos que sendo da ría de Ares teñen poboacións nidificantes de andoriñas das vilas no seu territorio.

Prospectamos a vila de Fene e a parroquia de Perlío no mediodía do 19 de novembro de 2003, atopando soamente uns poucos niños espallados e moi afastados entre si. Tanto Fene como Perlío forman parte realmente dunha soa unidade urbana, non habendo separación entre moitas rúas de ambas poboacións que comezan sendo de Fene e rematan en Perlío e viceversa. Os niños aparecen, polo que puidemos comprobar, en estradas xerais e avenidas de moitísimo tráfico, situados a bastante altura e con certa tendencia a ficar orientados cara ao mediodía.

Nesta fotografía podemos ver claramente os tres tipos de niños que distinguimos nos censos: os enteiros: terceiro pola esquerda; os medio-derruídos: terceiro pola dereita e os simplemente marcados: primeiro e segundo pola dereita e a esquerda.




NUCLEOS DE NIDIFICACIÓN EN FENE						
Edificios ocupados	H	Or	Ent	Semi	Marc	Tt
Avenida das Pías, 4 (Mary-Luz, Electricidad)	B	S	1	-	-	1
Avenida do Concello, 3 (Safari Park)	5°	W	2	-	-	2
TOTAIS			3	-	-	3

NUCLEOS DE NIDIFICACIÓN EN PERLÍO (FENE)						
Edificios ocupados	H	Or	Ent	Semi	Marc	Tt
Avenida Marqués de Figueroa, 60 (Farmacia)	4°	SE	1	-	-	1
Rúa Cruceiro, 5 (Carnicería Viñas)	3°	SE	1	-	-	1
TOTAIS			2	-	-	2

Fene, incluída a parroquia de Perlío, ocupa polo número de niños censados o posto número 13 da provincia da Coruña, lugar que comparte, igualmente, coas vilas de Cee e de Noia.

RESUMO

Censáronse os niños de andoriña das vilas *Delichon urbica* existentes nos concellos que configuran a ría de Ares durante o outono do ano 2003, atopándoos nas poboacións de Pontedeume, Ares, Fene e Perlío. Contabilizáronse, en total, 46 niños: 28 en Pontedeume, 13 en Ares, 3 en Fene e 2 en Perlío; o que fala ben ás claras da precariedade da situación actual da devandita especie nesta parte nor-occidental da provincia da Coruña.



Niño de andoriña desprendido da parede, no que apreciamos a súa estrutura feita exclusivamente de barro.

BIBLIOGRAFÍA EXCLUSIVAMENTE CITADA NO TEXTO

- * FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, E. 2003a. A andoriña das vilas *Delichon urbica* no concello de Gondomar e no resto do Val Miñor. REM (*Revista de Estudos Miñoranos*), número 3: 201-209. Gondomar.
- * FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, E. 2003b. Compartindo a casa coas andoriñas das vilas. *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo). Data: 15 novembro: L-15.